

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 29 de xuño do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Non asiste: Yolanda Bouzas Alfonsín.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 29 de xuño de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 13 de xuño de 2017.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obra menor).
- 3º.- Licenza de obra menor.
- 4º.- Comunicaci3n previa (apertura).
- 5º.- Cambio de titularidade de vado permanente.
- 6º.- Licenza de vado permanente.
- 7º.- Pr3rroga de licenza de obra maior.
- 8º.- Licenza de segregaci3n.
- 9º.- Bonificaci3n prezo p3blico.
- 10º.- Licenzas de obra maior.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 13 DE XUÑO DE 2017.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 13 de xuño de 2017.

SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por MANUEL REBOREDO BECERRA, con domicilio en Vilar 4, Viceso, na que comunica que vai realizar obras de reparaci3n da cuberta da vivenda de Vilar 4, Viceso, nunha superficie de 70 m², substitu3ndo a tella por outra nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prex3izo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por JOSEFA SOUTO ALVAREZ, con domicilio no Rial 14, Bri3n, na que comunica que vai realizar obras de reparaci3n da cuberta da vivenda do Rial 14, Bri3n, substitu3ndo as tellas en mal estado por outras novas, sen incrementar o seu volume, e reparar as filtraci3ns.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prex3izo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por Manuel Mart3nez Gonz3lez, que di actuar en representaci3n da COM. PROP. CENTRO COMERCIAL MONTE BALADO, con

domicilio en Avd. da Mahía 78, baixo 4, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai realizar obras de reparación da cuberta plana (terraza) existente na terceira planta do centro comercial Monte Balado, Os Ánxeles, segundo memoria técnica asinada polo arquitecto Juan A. Caridad Graña, presentada no concello o 22/06/2017 (r.e. 2744).

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL IGLESIAS GARCIA, con domicilio en Avd. das Brañas 21, 5ºC, Negreira, na que comunica que vai realizar obras de construción dun muro de contención de formigón armado de 20 cm. de espesor e unha altura máxima de 1,00 m., enfusado e pintado, con malla diáfana ata unha altura total de 1,80 m., en Fonte Paredes, Ons, segundo documentación técnica redactada pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visada no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10/03/2017.

A parcela onde se pretenden realizar as obras ten dúas clasificacións de solo:

- Solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRO-1) no seu fronte, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM. Superficie: 1.534,00 m².

- Solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRO-2) na parte traseira, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM. Superficie: 1.110,00 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION SA, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para obras de subministro de enerxía eléctrica de 14,49 kw, mediante rede de baixa tensión subterránea, desde o paso aéreo subterráneo ata a CPM do peticionario, cunha lonxitude total de canalización de 73 metros, no lugar de Lamiño, Brión, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Bernal López, con visado núm. 20170348, do 16.02.2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 667,11 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por SONIA VAZQUEZ PEROL, con domicilio en Fixo, Rúa Cernadelo 3, Calo, Teo, na que solicita licenza de obra para colocar un tubo de formigón de 40 cm. de sección e 25 m. de largo sobre a cuneta de entrada á parcela con referencia catastral 7601208NH2470S0000DW, en Coruxido 52, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que se repoña ao seu estado previo o tramo de viario municipal afectado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Carmen Tomé Besada, que di actuar en representación de AMUEBLA PONTEVEDRA SL, con domicilio na Rúa Condessa 27, Barrantes, Pontevedra, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de venda de mobles situada no Centro Comercial Monte Balado, planta primeira, local 1 e 2, Os Ánxeles. A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Mundicuart SL e preténdese poñer a nome de Amuebla Pontevedra SL.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de venda de mobles, situada no Centro Comercial Monte Balado, planta primeira, local 1 e 2, Os Ánxeles, a nome de Amuebla Pontevedra SL, con NIF:B-94139938.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Balboa Ayán, que di actuar en representación de SONIA ELIZABET DUARTE SILVEIRO, con domicilio en Rúa Santa Tegra 14, 4º H, Vigo, Pontevedra, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de café bar mesón parrillada O Padriño, situado en Sabaxáns 54, Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Santiago Tarrío Salvado e preténdese poñer a nome de Sonia Elizabet Duarte Silveiro.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de café bar mesón parrillada O Padriño, situado en Sabaxáns 54, Bastavales, a nome de Sonia Elizabet Duarte Silveiro, con NIF:X-6420609K.

QUINTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dun escrito asinado por JOSE MANUEL CASTAÑEDA FERREIRA, con domicilio en Soigrex 19, Os Ánxeles, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de vado permanente situado fronte ao Hotel Casa Rosalía de Soigrex 19, Os Ánxeles, concedida en Comisión de Goberno o 05/09/2003 á entidade Grupo Román Ulloa SL.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vado permanente, situado en Soigrex, Os Ánxeles, a nome de José Manuel Castañeda Ferreira.

SEXTO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA TERESA RODRIGUEZ VERDASCO, con domicilio en Avd. dos Ánxeles 1, Os Ánxeles, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda da Avd. dos Ánxeles 1, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, acorda por unanimidade conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SÉTIMO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMON BARROS BUENO, con domicilio en Rúa Redondo 68, 2ºE, Pontecesures, Pontevedra, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de construción dunha vivenda en Bastavaliños 39, Bastavales.

Con data 03/06/2014 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Ramón Barros Bueno e a Mónica Magán Magariños para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder unha prórroga de tres anos contados desde o día de hoxe para o remate das obras, coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

OITAVO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL BOUZAS CAPEANS, con domicilio en Cantelar 1, Boullón, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral 4140202NH2444S0001DD, no lugar de Cantelar, Boullón, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado nº 183/17.

Descrición da parcela matriz:

Parcela 61 de concentración parcelaria de Boullón.

Referencia catastral: 4140202NH2444S0001DD.

Superficie catastral: 2.948 m².

Superficie rexistral: 3.433 m².

Superficie segundo medición recente: 2.939 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria e Josefa Vilachán Pérez e outros (58).

Sur: camiño de concentración parcelaria.

Leste: camiño de concentración parcelaria.

Oeste: camiño de concentración parcelaria.

Segregación pretendida:

PARCELA 61-1.

Superficie bruta: 1.555 m².

Superficie de cesión: 329 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindes:

Norte: camiño de concentración parcelaria e Josefa Vilachán Pérez e outros (58).

Sur: parcela 61-2 desta segregación.

Leste: camiño de concentración parcelaria.

Oeste: camiño de concentración parcelaria.

PARCELA 61-2.

Superficie bruta: 1.384 m².

Superficie de cesión: 159 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela 61-1 desta segregación.

Sur: camiño de concentración parcelaria.

Leste: camiño de concentración parcelaria.

Oeste: camiño de concentración parcelaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando ao interesado, que segundo o artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá proceder á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

NOVENO.- BONIFICACIÓN PREZO PÚBLICO.

Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por J.M.D.I., na que solicita a exención do 100% nas actividades de campamento de verán e obradoiros de verán, para Y.D.A., S.D.A. e A.D.A., durante os meses de xullo e agosto.

Vistas a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 16.06.2017, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración e a proposta da alcaldía do 27.06.2017, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a Y.D.A., S.D.A. e A.D.A. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 225 € (campamento de verán) e 152 € (obradoiros de verán), durante os meses de xullo e agosto, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada tecnicamente como de difícil integración, consonte co disposto no art. 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos.

DÉCIMO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Luis Raimundo Pedreira Montes, que di actuar en representación de JOSE RAMON BLANCO FIDALGO, con domicilio en Piñeiro 17, Os Ánxeles, de solicitude de licenza de obra para reconstruír a cuberta da vivenda de Piñeiro 17, Os Ánxeles, segundo proxecto de rehabilitación de cuberta redactado polo arquitecto Luis Raimundo Pedreira Montes, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03/04/2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural tradicional da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza de solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Luis Raimundo Pedreira Montes, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03/04/2017.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL IGLESIAS GARCÍA e MARÍA BEGOÑA DEL RÍO RODRIGUEZ, con domicilio en Avenida das Brañas núm. 21, 5º C, Negreira, de solicitude de licenza de obra para construír unha vivenda unifamiliar en Fonte Paredes 29 - Santa María de Ons, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos o 10.03.2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras ten dúas clasificacións:

-. Solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRO-1) no seu fronte, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 8 do PXOM. Superficie: 1.534,00 m2.

-. Solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRO-2) na parte traseira, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 8 do PXOM. Superficie: 1.110,00 m2.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos o 10.03.2017.

-. Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 145 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 27 de xuño de 2017.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA VERÓNICA BAAMEIRO ROMERO, con domicilio no lugar de Tembra - Boullón núm. 47 - Brión, de solicitude de licenza de obra para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de O Casal 28 - San Fins de Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos o 28.05.2015 e documentación complementaria presentada no concello con datas 12.04.2017(r.e. 1566 e), e 18.05.2017(r.e. 2221) con visado do 17.02.2016 e 09.05.2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras se atopa clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza núm. 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, e das autorizacións de Augas de Galicia (expediente DH.W15.54157) do 27.03.2017, e do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 10.05.2016 (expediente 420/16), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos o 28.05.2015 e documentación complementaria presentada no concello con datas 12.04.2017(r.e. 1566 e), e 18.05.2017(r.e. 2221) con visado do 17.02.2016 e 09.05.2017.
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso,

na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 197 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 26 de xuño de 2017.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González